



bngcomarcas

BOLETÍN INFORMATIVO QUINCENAL DA COMARCA DE PONTEVEDRA

Nº56. 12 de setembro de 2014

CONSTRUÍNDO FUTURO ASEMBLEAS VECIÑAIS

PARA AVANZAR

Páx 2-3

PONTEVEDRA

Asembleas Veciñais

Páx 4-5

PONTEVEDRA

Un goberno municipal
anti-taurino

Páx 6

PONTEVEDRA

+Boavila no barrio de San
Antoniño

Páx 7

PONTEVEDRA

En marcha o IIIº convenio para
o saneamento do rural

Páx 8-9

PONTEVEDRA

O Castro das Croas

Páx 10

PONTEVEDRA

- Solidariedade con quen
máis o necesita
- Supervisada a rede de
hidrantes

Páx11

MORAÑA

A alcaldesa estafa aos veciños
e veciñas

POIO

Ciencia con acento galego

CONTRACAPA:

GALIZA CON ESCOCIA



SÚMATE AO PROCESO
IMPULSADO POLO



bingal
twitter.com/obiogal
facebook.com/bloque nacionalista galego

Asembleas veciñais para ir adiante

O 24 de maio de 2015 é a data das eleccións municipais, é dicir, a oportunidade colectiva de darmos un salto adiante en Pontevedra e bater forte nos fuciños deste sistema cruel e corrupto que está a levar o país á ruína.

O contexto político da Galiza e do Estado amosa con total cruza todas as contradicións e eivas da malchamada “Transición” e do capitalismo. O sistema de partidos que permitiu a sucesión tranquila de Franco ao Borbón (PP-PSOE-IU nas súas variadas formulacións), derrúbase co afundimento de IU; a descomposición da socialdemocracia en varias ponlas que baten polo mesmo espazo (PSOE, Podemos, Equo, Mareas, UPyD. . .) e até o PP mírase afectado polo sismo (desafección, Vox, UpyD. . .).

A “crise”, pola súa banda, non é tal, senón a forma actual do capitalismo que campa da man da UE, o BCE e o FMI. Agora mesmo, en toda Europa, só o nacionalismo é quen de plantar cara a este sistema cruel e corrupto tal e como se ve en Cataluña ou en Escocia. Xa que logo, o único interese dos partidos do sistema é mantelo a calquera prezo, aínda que teñan que facer toda clase de trampas como modificar a lei electoral a nada das eleccións.

O único interese dos partidos do sistema é mantelo a calquera prezo, aínda que teñan que facer toda clase de trampas como modificar a lei electoral a nada das eleccións

Hai, pois, unha situación obxectivamente explosiva na que o noso país precisa máis que nunca gobernarse a si mesmo en beneficio das clases populares. Deixarmos a nosa capacidade de decisión en mans de España e Europa é o mesmo que esquecer os nosos sectores produtivos e enviar a mocidade á emigración. Máis unha vez o BNG é a ferramenta que Galiza precisa para se liberar.

En Pontevedra, PP-PSOE son meras correas de transmisión desa situación global, mesmo agravada polos seus problemas locais. Un PSOE descabezado atópase dividido en non se sabe cantas fraccións que pelexan entre elas mentres o PP seica está “liderado” por un Moreira sen capacidade para unir as familias da dereita. Os primeiros, dende o concello, levan unha actuación que, no mellor dos casos, podemos calificar de errática; o labor de oposición do PP estivo marcado todo o mandato por dous elementos clave (as liortas internas do grupo municipal polos cartos e o seguidismo da Xunta e do PP de Madrid) que lles impediron apostar por Pontevedra.

Fronte a eles, o BNG de Lores.

Despois de 16 anos de goberno do BNG encabezado polo alcalde Lores, Pontevedra está convertida nun referente a nivel internacional e recibe premios de grande valor polo traballo desenvolvido para facer do concello un lugar mellor onde vivir. A figura do alcalde é respectada pola cidadanía e o grupo municipal amósase compacto e con máis gañas de traballar que nunca. Non temos espazo agora para facer unha análise profunda destes últimos catro anos, mais en liñas xerais, e asumindo que cometemos algún erro que cómpre corrixir, non temos que ter medo de afirmar que o Bloque está a traballar ben en Pontevedra.



Asemblea veciñal de Tomeza

Está é a situación na que nos atopamos para enfrontarnos ao proceso das eleccións municipais: un momento difícil pero no que o BNG ten a posibilidade de presentar un proxecto ilusionante que permita aos nosos veciños e veciñas dar un salto adiante en todos os ámbitos en que se propoñan mellorar.

O BNG sempre se caracterizou por escoitar a voz e as propostas da veciñanza e ademais, como decíamos, estamos nunha situación política na que os pontevedreses e pontevedresas están dispostos a escoitar con atención e respecto o que Lores e o Bloque teñen que dicirles.

Atendendo a isto, o Consello Local decidiu abrir un período de toma de contacto cos veciños e veciñas que queiran participar connosco no deseño da Pontevedra do futuro. O formato que vai ter este proceso é o de Asembleas Veciñais que se celebrarán no ámbito máis próximo (parroquia ou barrio) ou por sector (profesional, social. . .). O Alcalde procurará asistir sempre acompañado por algún outro membro do grupo municipal para irmos definindo de xeito colectivo como queremos que sexa esa Pontevedra que estamos a construír.

Non se trata só de expor e falar, senón tamén de escoitar, tomar nota e incorporar as ideas que a veciñanza teña que facernos: cais son as propostas que queren incorporarmos ao programa; quen debe ir na lista electoral e por que motivo; que formato debe ter a campaña electoral; que opinan do noso traballo; en que debemos mellorar ou que estamos a facer ben.

O BNG está a pular un proceso de Asembleas veciñais para entre todos e todas contruírmos a Pontevedra que queremos

En definitiva, para darmos o gran salto adiante non abonda con ofertar unhas ideas e unha lista electoral. Temos que levar a democracia até as últimas consecuencias, corresponsabilizámonos conxuntamente e construíla co traballo en común desde os seus alicerces e até onde queiramos levala.

O contrato coa empresa dos Lozano

Un goberno municipal anti-aurino

O BNG é unha forza política antitaurina, nomeadamente por dous motivos. O primeiro deles é que consideramos que torturar un animal até a morte para gozaren unha persoa é un costume bárbaro e alleo ao noso xeito de ser como galegos. O segundo motivo é que a introdución das touradas forma parte do proceso de colonización da Galiza e de substitución da nosa cultura por outra foránea. Afortunadamente, os galegos e galegas resistimos durante séculos ante esta imposición.

No BNG de Pontevedra (como en todo o país) nunca tivemos dúbidas sobre isto e por iso temos que lembrar que xa na oposición levamos adiante a denuncia do despilfarro dos gobernos da dereita financiando as touradas con até 72.000€ anuais (12.000.0000 pta. daquela) ou mesmo devolvendo os billetes de entrada que nos correspondían como grupo logo do espectáculo para que ninguén se beneficiase deles.

Esta era a época na que os amigos do PP formaban colas no Concello para recoller as entradas que se compraban con cartos públicos; era tamén a época en que se gastaban os nosos impostos en financiar integramente a semana cultural taurina á que só asistían uns poucos señoritos de aires madrileños; era a época na que o concello sostiña con cartos públicos a “festa” dos touros; en definitiva, foi a época en que o PP despilfarrou 45.000.000 pta. (270.000 €) en pagar as touradas en Pontevedra.

Desde que o BNG está no goberno municipal non se utilizou nin un só euro en subvencionar actividades taurinas

Todo isto mudou dende a chegada do Bloque á alcaidía: non se gasta un céntimo de euro para nas touradas; non se subvencionan actividades paralelas; non hai entradas nen para os amigos nen para ninguén con cartos públicos; o Concello non está representado na praza e non hai Raíña das Festas que faga de camareira para señoróns que fuman puros e bebén copas mentres gozan coa tortura dun touro indefenso.

Precisamente foi esta situación a que levantou en pé de guerra a toda a dereita pontevedresa contra Lores e o BNG. Non está mal que lembremos ás peñas na praza mofándose do alcalde por non asistir ás touradas ou as manifestacións contra o concello por non apoiar esta tortura mesmo transmitidas pola televisión española; tampouco hai que esquecer que as peñas “que non van á praza” naceron nesta época contra o BNG ligadas á campaña para encher de barras e botellón as rúas. Nesta altura houbo mozos e mozas que tiveron problemas por vestiren camisolas antitaurinas.

Resistimos daquela nós e a maioría da sociedade de Pontevedra porque somos antitaurinos e aí seguimos representando o sentir da maioría dos veciños e veciñas deste concello.

Ben está lembrar o contexto no que este verán xurdiu a pseudo polémica arredor do contrato que mantén o Concello coa empresa que posúe e xestiona a praza de touros.

O Concello de Pontevedra organiza ou colabora cunha serie de actividades moi ampla para as que aluga a única praza de touros que hai na Galiza. Entre estas podemos citar a Ruta Cabalar, partidos de deportes de praia (rugby, volei e balonmán) exhibicións de motos, loita libre americana, diversos concertos, o Torneo da Feira Franca, magostos e até a clausura

PONTEVEDRA

dun congreso de veterinaria. Tamén se usa esta instalación para as montaxes da cabalgada de Reis, do Entroido e da Feira Franca. Todo moi variado, si, mais cunha característica en común: ningunha delas ten a máis mínima relación coas touradas nen coas empresas que se lucran con eses espectáculos bárbaros.

Alugar ese edificio ten uns custos que se poden cuantificar nestes 15 anos de goberno municipal antitaurino: a media de gasto anual foi de 38.402€ con picos máximos e mínimos de 51.086€ e 24.000€ respectivamente. É doado comprobar que estas cantidades son moito menores que as que citamos ao comezo do artigo que facía o PP nos touros, pero en realidade son máis interesantes por outros motivos. En primeiro lugar non son unha subvención para nada, senón que, actualmente, teñen a forma dun contrato polo alugueiro da praza e, en segundo lugar, son cantidades descendentes para a empresa se temos en conta as subas do IVE.

Aínda temos que ter en conta un outro criterio para valorarmos acaídamente estas cifras de

Nos últimos 15 anos o Concello de Pontevedra aforrou case 2'5 millóns de euros

gasto. Hai que se plantexar unha cuestión: canto custarían todas as actividades ás que se fai fronte con este gasto se non se fixesen na praza de touros? Iso tamén está calculado: estaríamos a falar dun gasto medio anual de 203.267€ con picos máximo e mínimo de 273.000€ neste 2014 e de 117.000€ no ano 1999. É dicir, que o Concello con este contrato leva conseguido un aforro de 2.472.964€ en 15 anos que se investiron noutras actividades, obras, servizos sociais, deportes, etc.

Todo isto non quita que o contrato con Lozano poida ser puído naqueles aspectos que se consideren bos para Pontevedra e mesmo que se siga apretando á empresa para conseguirmos un alugueiro en aínda mellores condicións.



+Boavila no barrio de San Antoniño

O Concello de Pontevedra pon en marcha a primeira das reunións veciñais incluídas dentro do programa municipal +Boavila, que ten por obxectivo actuar no espazo público e en bens privados para mellorar a calidade urbana, a estética e a convivencia cidadá. A primeira desas reunións convocouse o mércores 10 no barrio de San Antoniño (na praza de Barcelos, ao carón dos quioscos da praza), na que os concelleiros implicados neste programa achegaron as propostas que teñen para o barrio, pero tamén recibiron as suxestións e propostas dos veciños e veciñas.

No caso de San Antoniño, trátase non só de mellorar a imaxe do barrio en relación a aspectos urbanísticos como son os traballos de conservación dos pavimentos ou da iluminación, senón tamén darlle un toque de cor e elevar a autoestima dos seus residentes.

O programa +Boavila é o goberno dos pequenos detalles, das pequenas obras que melloran a vida das persoas, promocionando a querenza polo barrio, polos espazos públicos e crea o orgullo da cidade.

+Boavila propón catro tipo de actuacións:

- 1. Mellora de vías urbanas:** conservación e mantemento de rúas, beirarrúas, prazas...; Continuación dos traballos de reparación de vías e espazos urbanos; Atención a zonas específicas, alcorques; Pintado e sinalización de vias.
- 2. Parques e zonas verdes:** actuacións en parques e xardíns; Zonas de xogo e de lecer; Pequenos restos de zonas verdes; Maceteiros e flores.
- 3. Predios e edificios abandonados:** Terreos de titularidade pública (Costas, Fomento, Xunta, Deputación, Concello); Terreos de titularidade privada: muros de peche, medianeiras, zonas de uso común de edificios; Pontevedra ilustrada: actuacións en muros e medianeiras.
- 4. Mobiliario urbano:** cuestións estéticas, de funcionalidade, de accesibilidade...; Bancos, papeleiras, sinais, farolas...; Bolardos; Aparcabicis; Marquesinas; Cadros de control semáforico; Cabinas de teléfonos; Sinalización vertical; Valados publicitarios; Paneis informativos por obras...





En marcha o III convenio para o saneamento do rural

O Concello está a traballar xa no terceiro convenio de saneamento do rural pontevedrés, ao consignar unha cantidade para comezar a dotación de saneamento nas estremas entre as parroquias de Mourente e Bora pola estrada de Ourense, nomeadamente nos lugares do Pazo, Carabelos, Eirós, Leirados, A corbal e O Teso. Esta cantidade vai ir incluída nunha vindeira modificación de crédito que o Concello poderá aprobar neste mes.

Segundo explicou o noso compañeiro Raimundo González está decisión débese ao acordo do Goberno de dar unha resposta aos veciños de Mourente e Bora, que veñen reclamando esta actuación e que mesmo asistiron ao Pleno Municipal no que se aprobou unha moción que reclamaba dirixirse ao ministerio de Fomento para que dea cumprimento ao convenio que ten asinado e do que depende que se poida construír este servizo fundamental co que xa conta máis do 95 % da veciñanza pontevedresa.

Na mesma moción, e a iniciativa do BNG, tamén se acordaba dirixirse á Xunta de Galiza para iniciar o 3º Convenio de Saneamento do Rural. Nese convenio o Concello tería que aportar o 30% do orzamento e aí é onde entra a partida que se anunciou estes días. Aínda que a contía podería chegar aos 50.000

euros, o concelleiro de Facenda explicou que é un convenio que poderá ser financiado en dúas anualidades, pero o importante non é tanto a contía que se consignará nesta modificación de crédito -na que aínda se está a traballar-, senón que figure unha partida específica para que o Concello poida iniciar toda a tramitación. De feito, Raimundo González recoñeceu que o proxecto poderá superar o millón de euros.

Unha vez feita esta consignación, o Concello dirixirase á Xunta de Galicia para asinar un terceiro convenio de saneamento, “e confiemos que se o asine porque sempre foi sensible a estes temas”, indicou Raimundo González.

Raimundo González indicou que neste terceiro convenio a prioridade vai ser executar este proxecto que daría posibilidade de conectarse á rede xeral de saneamento a unhas 130 vivendas entre as parroquias de Mourente de Bora e ir así atendendo a ese menos do 5% da poboación sen servizo de saneamento.

A intención do concelleiro de Facenda é que esta modificación sexa aprobada no mes de setembro. Caso de non poder ir a o pleno ordinario, convocaríase un outro extraordinario.

O Castro das Croas como aposta polo patrimonio rural

A intervención arqueolóxica no castro das Croas en Salcedo forma parte dunha aposta estratéxica polos bens culturais do rural, que se plasmou en 2012 na aprobación e desenvolvemento do Plan do Patrimonio Rural do Concello de Pontevedra. A partir daquela, iniciouse un amplo programa de traballo que está a dar froitos coma a actuación no monte das Croas e no Espazo Etnográfico e Arqueolóxico do Val do Tomeza e Salcedo.

A intervención no castro das Croas é un proxecto multidisciplinar, que comprende os aspectos históricos, arqueolóxicos e antropolóxicos relacionados co castro e a súa contorna. A intervención forma parte do proxecto de posta en valor do Espazo etnográfico e arqueolóxico do Val do Tomeza e Salcedo, no que se van desenvolver diversas accións de conservación, rehabilitación, interpretación e dinamización. A excavación do castro é un proxecto de investigación e divulgación sobre o xacemento das Croas (Birrete-Salcedo), no que se desenvolveron actuacións arqueolóxicas nos anos 90, dirixidas por Víctor Barbi e Antonio de la Peña. As Croas é un castro moi antigo, con uns 2.600-2.700 anos de antigüidade, polo que se encadra na primeira fase da cultura castrexa. Segundo Antonio de la Peña, foi abandonado durante o proceso de construción e non chegou a estar habitado.

O traballo que se desenvolveu desde mediados de agosto é unha primeira fase de excavación que se centrou na parte da muralla que apareceron nos traballos realizados nos anos 90 e dunha vivenda; a intención do concello é darlle continuidade en próximas campañas, co obxecto de recuperar e poñer en valor este espazo de grande interese cultural.

Máis alá dos aspectos arqueolóxicos, a intervención centrase nos aspectos históricos e antropolóxicos co obxecto de coñecer a relación da comunidade local con este espazo (elaboración e transmisión de lendas, historias de vida, rituais, simbolismos). Neste eido colabora o antropólogo Rafa Quintía da Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA), que afonda no estudo das lendas e demais patrimonio inmaterial relacionado con este espazo arqueolóxico. Ademais, estase a facer un rexistro audiovisual do proceso, a modo de diario de traballo de campo, realizado polo arqueólogo e documentalista Lukas Santiago.

En todo o proceso da excavación cóntase coa participación da comunidade de Salcedo, moi activa na conservación e recuperación do patrimonio cultural da parroquia, nomeadamente o etnográfico. Tamén se fará partícipe á comunidade escolar da contorna, mediante visitas guiadas ao xacemento.

A intervención do verán de 2014 ten un orzamento de 28.140 euros e está a ser realizada pola empresa A Citania Arqueoloxía coa dirección do arqueólogo Eduardo Méndez, do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM). O equipo conta co asesoramento de Antonio de la Peña (Museo de Pontevedra), Fernando Carrera (Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais), e Buenaventura Aparicio, entre outros expertos.

A partir dos resultados da excavación, desenvolverase o traballo de laboratorio para o estudo e datación dos achados. Nesta fase, o proxecto conta coa colaboración do Grupo de Estudo para a Prehistoria do Noroeste Ibérico da USC, que fará a datación do xacemento através

Participación e dinamización

Unha das principais características da intervención arqueolóxica do castro das Croas é a súa apertura á comunidade local, mediante o desenvolvemento de actividades como o voluntariado ou as visitas guiadas.

Estas actividades terán continuidade até outubro, mediante a organización dun ciclo de conferencias e visitas guiadas para escolares e para o público en xeral.

Espazo etnográfico e arqueolóxico do val de Tomeza e Salcedo

A intervención no castro das Croas forma parte do proxecto de dinamización do espazo etnográfico e arqueolóxico do Val de Tomeza e Salcedo. Este espazo é un proceso de recuperación, divulgación e dinamización do patrimonio de Salcedo, artellado arredor dos bens etnográficos e arqueolóxicos desta parroquia: o conxunto etnográfico dos muiños do río do Batán, as estacións arqueolóxicas de Vilar de Matos (Cabanas), Mato das Cruces (A Esculca) e Outeiro da Mina; o Pazo de Gandarón (sede da Misión Biolóxica); o trazado da Vía XIX e os miliarios descubertos nas obras de construción da vía férrea; e o Castro das Croas son os principais referentes dun proxecto que contempla a restauración de bens, a sinalización e a posta en marcha dun programa de divulgación e dinamización mediante exposicións, guías, paneis interpretativos, roteiros, visitas guiadas, actividades lúdicas, etc.

O espazo etnográfico e arqueolóxico do Val de Tomeza e Salcedo é a “actuación estelar” dentro das iniciativas deseñadas para recuperar o patrimonio rural neste mandado, que se recollen no Plan do patrimonio rural aprobado en xuño de 2012. No plan inclúense liñas de actuación relacionadas coa protección, conservación, restauración, divulgación e dinamización dos bens culturais das parroquias, tanto materiais como inmateriais.

da proba do Carbono 14 e encargárase do estudo da flora da época.

Novos proxectos para o 2015

Á espera da memoria definitiva e da datación dos achados, o balance desta primeira campaña de excavación é moi positivo. Estamos ante un castro singular en Galicia pola súa antigüidade (entre 2.500 e 2.700 anos) e polas súas características construtivas, sobre todo no que atinxe á muralla, unha estrutura monumental de grande relevancia. Desde o punto de vista do concello de Pontevedra, estamos ante o asentamento humano coñecido máis antigo de todo o territorio municipal.

Paralelamente aos aspectos históricos, a intervención desenvolvida no monte das Croas ten grande relevancia desde o punto de vista social e comunitario, por tratarse dunha experiencia novidosa de apertura da actividade arqueolóxica á sociedade.

Propostas de cara ao futuro

a) Inmediatas.

Ao longo dos meses de setembro e outubro váise continuar co programa de dinamización e participación social, no que están previstas as seguintes actividades:

- **Xornadas divulgativas** os días martes 23, mércores 24 e xoves 25 de setembro no local social de Cabanas-Salcedo (antigo preescolar de Cabanas), coa participación, entre outros dos seguintes expertos: Antonio de la Peña (arqueólogo do Museo de Pontevedra), Eduardo Méndez (director da excavación), Buenaventura Aparicio (antropólogo), Rafa Quintía (antropólogo), Josefa Rey Castiñeira (profesora titular da USC), María Martín Seijo (doutora en Arqueoloxía e Historia da Antigüidade pola Universidade de Santiago de Compostela).
- **Visitas guiadas para escolares:** primeira semana de outubro.
- **Roteiro do monte das Croas:** sábado 4 de outubro

Unha vez rematadas estas actividades, procederáse a realizar un tapado preventivo das estruturas descubertas (muralla e cabana) para a súa axeitada protección e por razóns de seguridade.

b) Medio prazo (primavera e verán de 2015)

Excavación arqueolóxica no monte das Croas, co obxecto de ampliar o coñecemento do castro e desenvolver un proxecto de conservación e consolidación das estruturas.

Solidariedade con quen máis o necesita

A Concellaría de Benestar Social Municipal entregou durante os meses de xullo e agosto 9.251,81 quilos de produtos frescos ás familias das crianzas que precisaron axuda durante o verán.

O investimento do Concello nestes paquetes de alimentos foi de 22.001,78 euros.

As entregas realizáronse na segunda e cuarta semana de xullo, e na segunda e terceira semana de agosto. Ademais, informóuselles ás familias que tiñan a posibilidade de recibir libros de lectura infantil, e repartíronse 31 libros, así como lotes de cadernos e bolígrafos para os rapaces.

Este programa púxose en marcha a primeiros de xullo para que todos os menores con dificultades puidesan comer, unha situación que se deu polo encerramento dos comedores escolares durante o verán. Diante desta situación, o Concello de Pontevedra adoptou a medida de atender ás crianzas no seu domicilio para favorecer a convivencia familiar (os pais e nais en paro non precisan que lles leven os fillos a unha gardaría) sen que ninguén se sinta marcado por precisar da axuda dos servizos sociais, posto que, cómpre lembrar, os alimentos chegaban ás casas como a compra feita en supermercados da cidade.

Supervisada a rede de hidrantes

O Concello de Pontevedra acaba de rematar a revisión dos hidrantes da rede de auga da cidade, un traballo que realizaron nos dous últimos meses os bombeiros e a empresa Viaqua.

Na cidade existen na actualidade 740 hidrantes. O traballo consistiu nunha revisión previa dos bombeiros que detectaron as deficiencias existentes na rede e, a seguir, foi a empresa Viaqua a encargada de resolver os arranxos e pór ao día a rede con traballos de mantemento habituais.

As intervencións consistiron, basicamente, na comprobación do funcionamento dos hidrantes, do accionamento e engrase das válvuas, comprobación da boa accesibilidade, da presión do servizo, da estanqueidade do conxunto e, finalmente, procedeuse a limpeza e pintado do conxunto cando fose necesario.

Para o goberno do BNG é unha prioridade manter uns moi altos niveis de seguridade no Concello e, para iso, é esencial a coordinación entre os bombeiros e Viaqua que manteña en perfectas condicións esta rede de hidrantes. O traballo non é doado posto que a rede atópase baixo as rúas da cidade, mas é un elemento básico para o traballo dos bombeiros no caso que de teñan que botar man del en distintos sucesos, nomeadamente, nos incendios.

Lembremos que dende a primeira obra, o goberno de Lores afirmou que os servizos soterrados nas rúas son esenciais no traballo de reforma da cidade. A día de hoxe xa non toca só ir dotando servizos, senón que hai que facer un esforzo grande para mantelos en bo estado de uso, e facer así que Pontevedra consiga estar na vangarda.

A alcaldesa de Moraña estafa aos veciños e veciñas

O BNG de Moraña vén de presentar unha moción no concello de Moraña para que se respeten os prezos establecidos na ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación dos servizos na Escola Municipal de Música de Moraña e para que se establezan clases individualizadas tal e como demandan os pais e nais do alumnado.

A postura da Alcaldesa de cobrarlle 40 euros a alumnos agrupados nas aulas é manifestamente

contraria ao establecido na devandita Ordenanza, na cal se establece que os prezos son de 20 euros para o alumnado sen clase individual de instrumento e 40 para os que teñan clase individual.

No BNG non imos consentir que a Alcaldesa e o seu goberno se salten as normas cando lle veña en gana e apliquen os prezos para as clases de instrumento por riba dos establecidos na ordenanza.

POIO

Ciencia con acento galego

As Xornadas Estivais, organizadas pola SCD Raxó e pola Concellaría de Cultura do concello de Poio, configúranse como un espazo de análise, reflexión e debate sobre temas de actualidade de interese para a cidadanía.

As Xornadas Estivais que se celebran no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó levan dazaseis anos cumprindo a función de ofrecer un foro de debate onde poñer en común a nosa visión da actualidade, facendo posible un espazo onde escoitar a persoas autorizadas nos diversos temas e onde participar activamente, e compartir as nosas opinións.

Desde o Concello de Poio cremos que estas son iniciativas que hai que fomentar e potenciar: abertas a toda a cidadanía, cun contido de calidade, que afonden no coñecemento do mundo que nos rodea para ter unha maior comprensión da realidade na que vivimos, constituíndo unha experiencia enriquecedora para as persoas participantes.

Nesta XVI edición, o tema será a ciencia en Galiza e o uso da nosa lingua en diversos eidos da investigación científica. Desenvolveranse ao longo

de tres sesións en formato de dúas ponencias seguidas de coloquio, conforme ao seguinte programa:

Martes 16 de setembro:

Sectores produtivos en galego. Pablo Belay (xeopesca) e Manuela Buján (PortoMuiños)

Mércoles 17 de setembro:

O galego na rede. Marcus Fernández (Asociación PuntoGal) e Víctor López (Presidente de EGANET, empresarios galegos en internet).

Xoves 18 de setembro:

O galego na empresa. Antonio Montero (Zeltia) e Xosé González (Asociación de funcionarios para a normalización lingüística)

As xornadas son de entrada libre, non sendo necesaria inscrición previa. Darán comezo ás 20:30 h e a duración aproximada de cada sesión é de 90 min.

Galiza con Escocia



Polo dereito á autodeterminación